


XOGOS DE DAMAS

ANXEL R. BALLESTEROS



TEATRO DO MALBARATE

PRESENTA:

“XOGOS DE DAMAS”

de Anxel R. Ballesteros

ESCENOGRAFIA:
PACO CONESA

UNIA PRODUCCIÓN DE
TEATRO DO MALBARATE

Espectáculo
subvencionado pola:



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTES
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA

Contratación: **TEATRO DO MALBARATE**
Avda. Rosalía Castro, 54-3.º
Santiago de Compostela
Telf.: (981) 59 89 24

Datos Técnicos: boca: 8 m.; fondo: 5 m.; alto: 4 m.;
toma corriente: 15.000 W.

Actrices: ROSA ÁLVAREZ
MABEL RIVERA
MARISA SOTO

Escenografía, vestuario,
diseño cartel e programa: PACO CONESA

Canción «Sei dunha illa na mar»
e selección musical: EMILIO CAO

Músicos: XOSÉ GAREA (caixa de ritmos); XESÚS ALONSO
(guitarra); TINO GRANDÍO (baixo) e GELE (voz)

Realización vestuario: M.^a XOSÉ CASAL e ISABEL GARABOA

Técnico de grabación: XOSÉ GOICOA, «PEPÓN»

Fotografía: ROBERTO REY e
MANUEL G. VICENTE

Técnico iluminación e son: JUAN JOSÉ AMADO

Dirección: EDUARDO ALONSO

A Compañía **TEATRO DO MALBARATE** xurde da necesidade de dar continuidade a unha traxectoria de traballo en común e que, dada a carencia absoluta de ofertas para os profesionais do medio, fai que estes aúnen esforzos e acometan proxectos privados. É urxente neste momento pular estas iniciativas que, complementadas coas institucionais, propicien as condicións que permitan levar adiante a necesaria normalización do teatro profesional en Galicia.

Existe, asimesmo, outro prantexamento na realización deste proxecto: o das tres actrices que integran o **TEATRO DO MALBARATE**, de cara a poñer en pé un espectáculo teatral onde se plasme o univeso ¿feminino...?

A todos aqueles que nos apoiaron ó longo da carreira de obstáculos que supuxo a xestación deste traballo, **GRACIAS**.

E o noso agradecemento moi especial a: Dori, Puji, C.D.G., «Moucho Clerc», Pablo, Salva, «Itaca», «Artello», Hilario, Nesto, Cerme, Cruz, Roberto, Manuel, Fernando, Eva.

TEATRO DO MALBARATE

ROSA ÁLVAREZ →





← MARISA SOTO

Entre o home e a muller, o amor pode acabar significando moitas cousas: dende unha experiencia cuase-relixiosa e espesamente metafísica, ata un sustituto emocional da sacarina. Lémbrome de que cando era pequeno, a maioría das películas, para mín, reducíanse sumariamente a ser ou «de amor» ou «de guerra». Mália a diferenza de xénero, as dúas tiñan algo en común: estaban normalmente estruturadas como **Historias**: Quizais debemos ver, nesta **Historicidade**, a diferenza que separa un amor «serio» dun breve namoro «intranscendente».

Os amores **serios** figúraseme que tenden a ser vividos cunha aguda **conciencia histórica**. E sen embargo... ¿qué pensar da famosa frase segundo o cal os reinados felices viñan ser os que non tiñan historia?

A **paixón**, pois. Tal vez. Pero daquela, non nos debe asombrar que as relacións amorosas entre homes e mulleres resulten —contempladas dende o punto de ver da felicidade— a miúdo tan insatisfactorias para os dous sexos. En toda paixón hai —anque gozosamente aceptado— un esencial padecemento: unha primavera que é tamén semana santa.

ANXEL R. BALLESTEROS

Xa no primeiro intento de texto teatral de Anxel R. Ballesteros, aquel «Roda, o tolo», que non pasóu, por desgracia para o teatro, de ser un par de centos de follas de apuntes, a personaxe feminina tiña unha importancia e unhas características moi especiais. Éme imposible, á hora de traballar con este texto de «Xogos de Damas», non lembrar aquelas follas lídas con interés e efervescencia a finais dos setenta. Tamén esta vez chega ás miñas máns un texto de Ballesteros a través do interés posto nel por uns actores, actrices neste caso. Tamén, como entón, Ballesteros escribe un texto teatral acuciado por uns actores. Tamén agora, o material entregado polo autor é de tal amplitude, riqueza e complexidade, que a súa posta en escena require un labor de selección, poda, reestructuración. A diferenza con aquel, neste tocóume a mín a responsabilidade de poñelo en pé, de dirixilo.

Introducirse no mundo feminino, traballar con mulleres, e a iniciativa delas, é xa unha cuestión sinxela: existe un importante fondo editorial de alto nivel que alumea o camiño. A mín o que máis me axudó, mesmo máis ca os moitos anos que levo facendo montaxes teatrais nos que participan estas tres actrices, foi, e é de xusticia dicilo, o traballo de Abdul Smith «Todo aquilo que los hombres saben sobre mujeres».

EDUARDO ALONSO



MABEL RIVERA →



«No nivel interpretativo é onde está o maior éxito da obra... O contido, a técnica teatral e a interpretación... conseguen o obxectivo primario dunha obra de teatro: acatar-se do público diante dunha dramatización da vida mesma».

Carme Hermida. Correo Gallego, 27 Abril 87

«Máis alá de acertos do texto, da escenografía ou da dirección, hai sobre o escenario a calidade eslumeante destas tres actrices que van e veñen polos distintos papeis con riqueza de matices, forza e credibilidade...».

Don Arturo. Voz de Galicia, 24 Abril 87

«...Altísimo tono actoral nunha obra chea de riscos interpretativos, ós que (elas) plantan cara coas garantías que da a capacidade creadora e a seguridade técnica».

Xosé Cermeño. Voz de Galicia, 30 Abril 87

«Del conjunto de Xogos de Damas destaca el texto de A.R. Ballesteros... Un texto notable que las tres actrices

dicen, en sus papeles de varias caras, en medidas naturales, íntimas, convincentes... No en vano (Eduardo) Alonso predica desde hace tiempo con ese ejemplo naturalista, íntimo, no agresivo, capaz de crear un clima de comunicación».

*Gustavo Luca de Tena
«El Público», Julio-Agosto 87*

«NA III MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA...

...a revelación deste ano correspondéu ó TEATRO DO MALBARATE..., cun excelente texto e un labor das súas protagonistas que supera a falta de medios...».

Camilo Franco. Voz de Galicia, 6 Agosto 87

«... os personaxes resultan creíbles, engaiólanos a súa autenticidade, a aparente simplicidade, a naturalidade do xesto, a dicción clara e limpa. Mais tra-lo dito, advírtese un traballo interpretativo coidado, pulido, serio, laborioso...».

Atlántico Diario, Agosto 87